



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

ACTA MESA XERAL NEGOCIACIÓN COLECTIVA
SESIÓN EXTRAORDINARIA 06.09.2019

Na sala de xuntas anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello de Vigo, e co consenso de todas as partes convocadas, iníciase a reunión da Mesa Xeral de Negociación Colectiva sendo as doce horas e trinta minutos do día seis de setembro do ano dous mil dezanove, réunese en sesión extraordinaria a Mesa Xeral de Negociación Colectiva, notificada de xeito regulamentario aos membros da mesma, baixo a Presidencia de **D^a ELENA ESPINOSA MANGANA**, concelleira-delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal por Resolución de Alcaldía de data 18.06.19, actuando como secretaria **D^a Susana Gallardo Fariña**, secretaria de Admon. Municipal, segundo a orde do día fixada pola Presidencia, coa asistencia das persoas que de seguido se relacionan:

PRESIDENTE DO COMITÉ DE PERSOAL

- D. Pergentino Martínez Pampillón

COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)

- D. Luís Alberto Riobó Veiga
- D^a M^a Concepción Cousiño Sendín

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

- D. Carlos Igrexas Martínez
- D. Fernando Sovleira de la Fuente

UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)

- D. José Carlos Montemuiños Santos
- D^a Laura Ámez Muras

SINDICATO IND. DO CONCELLO DE VIGO (SICO)

- D. Santiago J. Martínez Pardo
- D. Abraham González Acea
- D. Dámaso Pena González

- SINDICATO CSI-CSIF

- D. Jerónimo Fernández Vicente

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 06/09/2019(1)-Expte. 34455/220





Concello de Vigo

Expte. 34455/220

Asisten tamén, de conformidade cos “*Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación no Concello de Vigo*”, aprobados en Xunta de Goberno Local, sesión do 04/12/2015:

XEFA DE ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

- D^a María Dapena Gómez

TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN RR HH

- D. Ezequiel Fernández Carpintero

TÉCNICA DE FORMACIÓN E AVALIACIÓN RR HH

- D^a Sonia Estrada Ibáñez

Asiste tamén o interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso e o tesoureiro municipal e director superior contable e orzamentario, D. Luís García Álvarez.

1.- CAPÍTULO I: PRESUPOSTOS 2020. EXPTE 33833/220.

Pola **Presidencia (Sra. Espinosa Mangana)** iníciase o tratamento deste asunto, di que a intención e pospoñer o debate pero que se mantivo a convocatoria pola necesidade de explicar os motivos.

Indica que hai unha serie de problemas de carácter técnico que obrigan á modificación dos datos que no seu momento se remitiron, pon como exemplo o que atinxe ao Fondo de Adecuación, xa que de se aprobar o Fondo do ano 2019, terá impacto nos Orzamentos do 2020 e iso modificará os números. Por outra banda, detectáronse disfuncións nos datos da Seguridade Social xa que por vez primeira no Exercicio 2020 non existe un programa informático que unificando os datos dos seguros sociais e os salarios do persoal faga un cálculo automático; agora hai que facer un cálculo individual para as cotizacións da SS e xorden discrepancias nas comprobacións por parte dos servizos.

Dados estes dous casos, cre que non paga a pena tratar este asunto nestes momentos e que de estar todos de acordo se revisarán con detalle todos os datos e se convocará unha nova reunión o máis axiña posible para o que se remitirá a pertinente información

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 06/09/2019(1)-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:20

Páxina 2 de 3

Expediente 34455/220

CSV: 23E1C4-5E42BA-5124DC-RL6NUR-TBMM5C-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

O **Sr. Martínez Pampillón** (Presidente Comité) indica que solicitaron a convocatoria de reunión urxente da Mesa de Negociación para tratar o Fondo de Adecuación e o asunto da Policía; entende que ambos temas inciden nos orzamentos polo que deberían tratarse antes da elaboración dos mesmos.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión da Mexa Xeral de Negociación Colectiva, sesión extraordinaria do seis de setembro do ano dous mil dezanove, sendo as doce horas e trinta minutos. Do que eu, secretaria, dou fe, co visto e prace da Presidenta, concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

SGF/rs.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA-SUSANA GALLARDO FARIÑA

Vº e Pr.: PRESIDENTA-ELENA ESPINOSA MANGANA.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 06/09/2019(1)-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:20

Páxina 3 de 3

Expediente 34455/220

CSV: 23E1C4-5E42BA-5124DC-RL6NUR-TBMM5C-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>